

REGULAMENTO DE LICENZAS DA FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ

Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación.

1.- O presente regulamento de licenzas é unha norma interna da Federación Galega de Xadrez, xerarquicamente subordinado aos Estatutos da mesma, ao que se refire o artigo 5.1.h) da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia.

2.- O ámbito obxectivo e subxectivo de aplicación desta norma contráese á actividade propia da Federación Galega de Xadrez e ás persoas integradas na mesma.

3.- Esta norma ten por obxecto a regulación das licenzas da Federación Galega de Xadrez.

4.- Esta norma estará en vigor desde a tempada 2025 inclusive, en tanto non sexa modificada ou derogada por outra posterior.

Artigo 2.- Natureza, efectos e finalidade das licenzas.

1.- A licenza federativa é o documento de carácter persoal e intransferible que outorga aos seus titulares a condición de membros rexistrados da Federación Galega de Xadrez a través dos distintos estamentos.

2.- A obtención da licenza federativa comportará para o seu titular a aplicación dos seguintes dereitos e deberes previstos nos Estatutos federativos para os membros dos correspondentes estamentos:

- Terán dereito a recibir a tutela da Federación Galega de Xadrez con respecto aos intereses deportivos comúns e individuais, así como o de participar nas súas actividades e o funcionamento dos seus órganos, de acordo aos estatutos e cos regulamentos internos daquela.

- Terán o deber de acata-los acordos dos órganos de goberno, sen que iso obste ó seu dereito a recorrer, ante as instancias federativas competentes, e se é o caso, ante os tribunais de xustiza ou a administración deportiva autonómica.

- A condición de federado pode perderse polas seguintes causas:

- a) Por disolución ou baixa no rexistro deportivo da Xunta, da entidade deportiva.
- b) Por renuncia voluntaria ou non renovación de licenza.
- c) Por sanción disciplinaria imposta en forma regulamentaria que implique a baixa.

3.- Para a participación en actividades ou competicións oficiais da Federación Galega de Xadrez precisase estar en posesión de licenza federativa expedida por ésta.

4.- Así mesmo, as licenzas expedidas pola Federación Galega de Xadrez habilitarán aos seus titulares para participar en competicións oficiais de ámbito territorial superior nos casos e condicións que estableza a correspondente normativa da Federación Española de Xadrez.

Artigo 3.- Clases de licenzas polo seu obxecto.

No seo da Federación Galega de Xadrez existirán as seguintes licenzas en función do seu obxecto:

a) Licenzas de carácter competitivo: son as que habilitan para participar en competicións oficiais da Federación Galega de Xadrez.

Artigo 4.- Clases de licenzas por estamentos.

1.- As licenzas federativas poderán corresponder aos seguintes estamentos:

- a) Entidades deportivas.
- b) Deportistas.
- c) Adestradores-técnicos.
- d) Xuíces-árbitros.

2.- As persoas físicas ou xurídicas titulares dunha licenza federativa, terán os dereitos e as obrigacións establecidas nos estatutos e regulamento disciplinario desta federación.

Artigo 5.- Prohibicións e incompatibilidades.

1.- Non poderá expedirse licenza a favor de quen estea cumprindo calquera sanción disciplinaria ou penal que carrexese a privación de licenza, ou inhabilitación para o desempeño das actividades que permita a licenza solicitada, así como aos sancionados por dopaxe en virtude do disposto pola súa lexislación específica. Os sancionados con suspensión de licenza poderán renovar ou obter nova licenza en calquera momento, sen prexuízo de non poder desenvolver as actividades en cuestión ata o total cumprimento da sanción correspondente.

2.- Non se poderá dispoñer de máis dunha licenza en vigor, por estamento, expedida pola Federación Galega de Xadrez.

3.- Ningún deportista poderá estar federado, á vez, en máis dun club.

Artigo 6.- Estranxeiros.

1.- Poderán obter licenza da clase que sexa os residentes comunitarios e os estranxeiros non comunitarios con residencia legal en España.

2.- Tratándose de menores de idade, sen prexuízo do cumprimento dos requisitos que en cada momento poida establecer a Federación Internacional de Xadrez para a protección dos menores, para obter licenza bastará coa acreditación do seu empadramento nun municipio do Estado.

Artigo 7.- Duración.

1.- As licenzas expirarán coa finalización da tempada deportiva da modalidade ou especialidade para a que foron expedidas, é decir, o 31 de decembro seguinte a súa expedición.

Artigo 8.- Licenzas de entidades deportivas.

1.- Poderán obter licenza de entidade deportiva aqueles clubs ou seccións deportivas debidamente rexistrados para a práctica do xadrez no Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia.

2.- Enténdese por club federado, todo club que se atope nas listas da FEGAXA; estando en vigor a súa alta, e as cotas anuais aboadas e poder participar nas competicións organizadas pola FEGAXA.

3.- A FEGAXA tramitará a súa alta na FEDA para poder participar nas competicións estatais.

4.- Un Club poderá ceder a outro a totalidade dos seus dereitos deportivos, sen ningún tipo de contraprestacións, sempre que dito club desaparezca dándose de baixa nos rexistros deportivos oficiais, e só poderase formalizar ao término dunha tempada, para que se poda executar na seguinte. A FEGAXA non autorizará dito acordo se o club que cede os dereitos ten débedas pendentes e non asumidas pola nova entidade. Sempre axustándose ao regulamentado para cada competición deportiva.

5.- No caso de fusións ou absorcións de clubs, o club resultante terá os dereitos e obrigacións de ámbalas dúas entidades, ademáis de ser de aplicación o contemplado no apartado anterior.

Artigo 9.- Licenzas de deportistas.

1.- Adscrición: os deportistas poden dispoñer de licenza vinculada a unha entidade deportiva e tamén se contempla a figura de deportistas “independentes”.

2.- Na mesma tempada os deportistas poden cambiar de club, sendo a participación nas actividades dacordo o que se especifique nos

correspondentes regulamentos de competicións. Considerase que se produce unha baixa e nova alta de licenza.

3.- A Federación Galega de Xadrez emitirá unha licenza federativa e individual para cada persoa. Esta licenza será uniforme para os membros de cada estamento e categoría.

4.- Entenderase por xogador federado, todo xogador que posúa unha licenza da FEGAXA expedida ao seu nome e en vigor.

5.- Para a participación nas competicións xadrecísticas organizadas pola FEGAXA ou FEDA será obrigatoria a posesión desta licenza.

6.- Poderanse establecer prazos para permitir a participación en determinadas competicións. A FEGAXA poderá expedir altas novas durante todo o ano, sendo o prazo de validez das mesmas ata o 31 de decembro.

Artigo 10.- Licenzas de adestradores-técnicos.

1.- Deberase dispor da titulación correspondente unha vez superadas as probas e prácticas que correspondan a cada unha de elas, según os regulamentos correspondentes dos comités de adestradores da FEGAXA (Federación Galega de Xadrez) ou da FEDA (Federación Española de Ajedrez

2.- As licenzas de adestradores-técnicos divídense nas seguintes categorías de acordo coa súa titulación, contemplada nos regulamentos dos colexios técnicos de adestradores das federacións FEGAXA e FEDA :

- a) Monitor Autonómico de Base.
- b) Monitor Autonómico.
- c) Monitor Nacional de Base.
- d) Monitor Nacional.
- e) Adestrador Autonómico.
- f) Adestrador Nacional.

3.- Tratándose de adestradores-técnicos cuxa actividade implique contacto habitual con menores de idade, deberán acreditar non ser condenados por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, mediante certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais que deberá achegarse á Federación de Xadrez xunto coa súa solicitude de licenza.

Artigo 11.- Licenzas de xuíces-árbitros.

1.- Deberase dispor da titulación correspondente unha vez superadas ás probas e prácticas que correspondan a cada unha de elas, según os

regulamentos correspondentes dos comités de árbitros da FEGAXA (Federación Galega de Xadrez) ou da FEDA (Federación Española de Ajedrez)

2.- As licenzas de xuíces-árbitros divídense nas seguintes categorías de acordo coa súa titulación correspondente da FEGAXA, FEDA ou FIDE (Federación Internacional de Ajedrez) :

- a) Árbitro Autonómico de Base.
- b) Árbitro Autonómico.
- c) Árbitro Nacional.
- d) Árbitro Internacional.

Artigo 12.- Aseguramento de accidentes deportivos.

1.- A expedición de calquera licenza federativa leva consigo a obriga de subscribir un seguro que garanta a cobertura de indemnización para os supostos de perdas anatómicas ou funcionais ou de falecemento, así como a asistencia sanitaria, derivados de accidente deportivo, nos termos establecidos na normativa vixente da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.- O dito seguro será subscrito pola Federación Galega de Xadrez en condición de tomador, sendo o titular da licenza o asegurado.

Artigo 13.- Función de expedición de licenzas.

1.- A Federación Galega de Xadrez, na súa condición de entidade que exerce a función pública delegada de expedición de licenzas, de carácter administrativo, é competente en réxime de exclusividade para expedir e tramitar licenzas federativas de xadrez na Comunidade Autónoma de Galicia, baixo a tutela da Administración deportiva autonómica.

2.- A Federación Galega de Xadrez exercerá a función de expedición de licenzas federativas de forma directa, sen que esta poida ser obxecto de delegación ou exercicio de substitución sen a autorización da Administración deportiva autonómica.

3.- A expedición de licenzas federativas ten carácter regrado, non podendo denegarse a licenza a canta persoa solicitante reúna as condicións necesarias para a súa obtención.

4.- A Federación Galega de Xadrez informará a calquera persoa interesada sobre os requisitos necesarios para a obtención dos seus distintos tipos de licenzas.

Artigo 14.- Tramitación e emisión de licenzas.

1.- As solicitudes de licenza deberán ser obrigatoriamente formuladas polo club ao que se vincule ou polo interesado ou os seus representantes legais no caso da licenza de deportista independente, a través dos modelos específicos establecidos pola Federación Galega de Xadrez achegando os documentos preceptivos indicados nos devanditos modelos para cada tipo de solicitude, que serán de acceso libre a través da páxina web da federación.

2.- O prazo de solicitude de licenzas para cada tempada iníciase o día 1 de xaneiro e conclúe o 31 de decembro.

3.- As solicitudes de licenzas presentadas por entidades deportivas deberán selo obrigatoriamente por medios electrónicos.

4.- As solicitudes de licenzas para menores de idade deberán ser subscritas polos proxenitores, titores ou institución que exerzan a súa representación legal.

5.- A tramitación das solicitudes compételle ao Departamento de Licenzas, ao persoal laboral federativo, ao Secretario da Federación Galega de Xadrez, según se asine no organigrama federativo.

6.- Calquera solicitude que adoecece da falta dalgún requisito emendable, dará lugar ao requirimento ao interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Se o interesado non emendase os defectos advertidos no referido prazo, teráselle por desistido da súa solicitude.

7.- A resolución sobre concesión ou denegación de licenzas compételle ao Xefe de Licenzas, o Secretario, o Presidente da Federación Galega de Xadrez.

8.- As licenzas deberán ser emitidas e postas ao dispor do solicitante ou, no seu caso, denegadas motivadamente, no prazo máximo dun (1) mes a contar desde o seguinte á entrada na Federación da solicitude debidamente formalizada.

9.- O cómputo do prazo referido no apartado anterior suspenderase polo tempo que medie, no seu caso, entre o requirimento de corrección de defectos e o seu efectivo cumprimento polo interesado.

10.- Calquera solicitude de licenza entenderase outorgada por silencio positivo, se non se notifica resolución expresa no prazo máximo indicado no apartado oitavo do presente artigo.

11.- Contra a denegación expresa da licenza solicitada ou contra a denegación da entrega do documento xustificativo da obtención de licenza por silencio positivo, caberá recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, nos termos da súa propia normativa.

Artigo 15.- Licenzas nulas.

1.- Serán causa de anulación das licenzas concedidas:

- a) A falsidade nos datos facilitados para a súa obtención.
- b) Incorrer en duplicidade de licenza, vinculándose a máis dun club ou federación autonómica, nese caso será anulada a licenza máis recente.
- c) Incorrer en incompatibilidade entre dúas ou máis licenzas de acordo co previsto no presente regulamento ou reglamentación nacional se afecta a outra comunidade autonómica.
- d) No caso de licenzas outorgadas por silencio positivo, e sempre que a Federación estime que non se reúne algún dos requisitos esenciais para obtela, antes de resolver sobre a súa anulación outorgaráselle á persoa licenciada un prazo de 30 días para dar cumprimento ao requisito que non reunía.

2.- O procedemento de anulación de licenzas poderá iniciarse de oficio ou por denuncia e na súa tramitación que lle compete a ao Departamento de Licenzas, ao persoal laboral federativo, ao Secretario da Federación Galega de Xadrez deberá garantirse a audiencia da persoa interesada por un período de dez (10) días hábiles.

3.- A resolución anulando ou mantendo a validez da licenza compételle ao Xefe de Licenzas, o Secretario, o Presidente da Federación Galega de Xadrez e fronte á mesma caberá recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, nos termos da súa propia normativa.

Artigo 16.- Protección de datos persoais.

1.- A recollida, tratamento, cesión e calquera acto análogo respecto dos datos persoais das licenzas federativas, axustarase ás disposicións vixentes en materia de protección de datos de carácter persoal. En particular, estarase ao disposto no artigo 28.6 da lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

2.- A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais achegados coas solicitudes de licenzas de persoas físicas é a de tramitar e xestionar as licenzas federativas e habilitar a participación de tales persoas nas actividades federadas.

3.- Os datos obtidos unicamente serán cedidos e transferidos a entidades e organismos imprescindibles para poder levar a cabo as finalidades derivadas do exercicio das facultades inherentes á licenza durante o tempo en que o interesado permaneza integrado na organización federada, coas garantías establecidas na normativa en materia de protección de datos e sen prexuízo dos dereitos que lle asistan nesta materia.

Artigo 17.- Importe das licenzas.

- 1.- O importe das licenzas será o fixado para cada tempada pola Asemblea Xeral da Federación Galega de Xadrez para cada especialidade, estamento ou categoría, segundo se recolle no Anexo I ao presente regulamento.
- 2.- No caso de que calquera importe fose anulado por acto administrativo ou resolución xudicial entenderase aplicable o anterior importe en vigor para o devandito tipo de licenza.

Artigo 18.- Soporte e contido das licenzas.

- 1.- As licenzas federativas emitiranse en soporte de tarxeta impresa ou de forma electrónica (preferiblemente),
- 2.- O formato das licenzas federativas é o recollido no Anexo II do presente regulamento.
- 3.- No documento da licenza, ademais dos conceptos económicos que resulten obrigatorios no caso das licenzas que permitan a participación en ámbitos superiores ao autonómico, deberán consignarse claramente, como mínimo, os seguintes datos :
 - a) O selo, logotipo e denominación da Federación Galega de Xadrez e da Xunta de Galicia
 - b) Duración da licenza (tempada/ano).
 - c) Nome e apelidos da persoa titular.
 - d) Data de nacemento da persoa titular.
 - e) Especialidade deportiva.
 - f) No seu caso, entidade deportiva á cal se vincula o titular durante o período de duración da licenza.
 - g) Categoría/estamento.
 - h) Dereitos federativos. Este contido poderá ser substituído pola súa remisión mediante ligazón ao desenvolto con máis extensión en determinado apartado da páxina web federativa e nos seguintes artigos deste regulamento.
 - i) Identificación da Compañía Aseguradora e teléfono de atención e emerxencias.
 - k) Número de póliza para a declaración do accidente deportivo, no seu caso.
- 4.- As licenzas que habiliten para a participación en actividades ou competicións de ámbito estatal deberán reflectir polo menos en lingua española os datos correspondentes.

Artigo 19.- Dereitos dos deportistas e clubs.

Os xogadores federados de nacionalidade española, que non estén suxeitos a sanción disciplinaria que llo impida, terán ademais de outros que podan

corresponderlle especificados nos Estatutos da FEGAXA, os dereitos seguintes:

- a) Participar nos Campionatos, se cumplan os demais requisitos deportivos establecidos para cada un dos mesmos.
- b) Formar parte das listas que se establezcan para a obtención de becas e outras axudas.
- c) Participar en tódalas probas oficiais de organización aberta que se celebren en territorio nacional, coas limitacións de inscricións relativas a prazas en número de participantes.
- d) Representar a España e Galicia en competicións internacionais, tanto individuais como por equipos.
- e) Que sexan contabilizadas no ranking nacional e internacional tódalas súas actuacións nas probas oficiais valederas para ranking.
- f) Que sexan remitidos á FEDA e á FIDE os resultados obtidos nas probas valederas para ranking e celebradas en territorio nacional.
- g) Que se vixile que sexan contabilizados pola FEDA e FIDE, tanto para ranking como para normas e títulos, os resultados obtidos en competicións disputadas e postas en coñecemento da FEGAXA.
- h) Que sexan solicitados a FEDA e FIDE os títulos aos que, por os seus resultados, se fixeran acreedores.
- i) Obter calquera tipo de designación, axuda ou subvención que puidera corresponderlle da FEGAXA ou FEDA.
- j) Percibir remuneración económica de calquera especie.
- k) Todo xogador federado terá dereito a que se solicite ou tramite pola FEGAXA ante á FEDA e á FIDE, do cambio de bandeira que solicite.

Artigo 20.- Deberes e Obrigacións dos deportistas e clubs.

1.- Os xogadores federados terán, ademáis doutras que lle poidan corresponder de acordo cós Estatutos, e demais normas que lle sexan de aplicación, as obrigacións seguintes:

- a) Acatar as decisións dos órganos de goberno da FEGAXA, sen perxuício dos recursos que legal ou estatutoriamente poidan interpoñer.
- b) Mostrar en todo momento un comportamento correcto cos compañeiros, árbitros, organizadores, etc., e unha conducta ética e deportiva que ao practicante deste deporte se lle pide.
- c) Representar á FEGAXA nas competicións nacionais cando sexan seleccionados por esta, ou se fixeran acreedores a esta representación polos resultados deportivos.
- d) Aterse ás normas establecidas neste Regulamento, para a súa participación nos distintos campionatos.

2.- Os clubs federados terán, ademáis doutras que lle poidan corresponder de acordo cos estatutos e demais normas que lle sexan de aplicación, as obrigacións seguintes:

- a) Ceder os seus xogadores para que acudan aos compromisos e competicións en que interveña a FEGAXA, formando parte do equipo galego, cando sexan seleccionados, ou se fagan acreedores o posto polos seus resultados deportivos, antepoñendo esta obriga a calquera outro compromiso que poida ter o club nas mesmas datas.
- b) Permitir ós seus xogadores federados participar nas competicións organizadas ou homologadas pola FEGAXA, especialmente nas probas contempladas neste regulamento.
- c) Non permitir que nas probas que organice, concedidas ou homologadas pola FEGAXA, participen xogadores que non estean en posesión da licenza corespondente en vigor.
- d) Cumplir e facer cumprir en tódalas competicións as normas que en cada momento a FEGAXA, FEDA e FIDE teñan en vigor.
- e) Cursar ao organismo federativo correspondente as solicitudes e reclamacións que os seus xogadores lles presenten, relativas a súa actuación nas diversas probas nas que participara ou poida participar; así como calquera outra petición razonada de interés para o xogador e que necesite do apoio e tutela do club.
- f) Tramitar anualmente as licenzas federativas do seu club e dos seus xogadores á FEGAXA, nos prazos que se determinen, nas condicións establecidas neste regulamento.
- g) Acatar as decisións dos Organismos Federativos, sen perxucio dos recursos que legalmente lles poidan corresponder.
- h) Comunicar os cambios de denominación, ou demais datos documentais que sufra o club, así como as baixas ou cambios nos rexistros deportivos e administrativos correspondentes.
- i) Aterse as normas establecidas neste regulamento, para a súa participación nos distintos campionatos oficiais.
- j) Aterse o establecido neste regulamento, e as normas que para cada competición se dicten, para a confección dos seus equipos, tanto de xogadores titulares como de suplentes.

Disposición Final.- Entrada en vigor.

O presente regulamento foi aprobado pola comisión delegada da FEGAXA, o día 22 de xullo de 2021 e a súa modificación pola asemblea xeral da FEGAXA o día 14 de xuño de 2025.

O presente regulamento entrará en vigor a partir da súa aprobación pola Administración deportiva autonómica, tal e como se establece na Instrución do 10 de febreiro de 2021, da Secretaría Xeral para o Deporte, para a remisión dos regulamentos de licenzas das federacións deportivas galegas (DOG núm. 33, do 18 de febreiro de 2021). O regulamento entenderase aprobado, se no prazo de tres (3) meses a Administración deportiva autonómica non notificase a correspondente resolución de aprobación.

ANEXO I

IMPORTES DOS DISTINTOS TIPOS DE LICENZAS PARA A TEMPADA 2025

Cota de Club	85,00 €
--------------	---------

Cota de Equipos	División de Honra	135,00 €
	Preferente	115,00 €
	Primeira División	105,00 €
	Segunda División	75,00 €
	Terceira División	25,00 €
	Cuarta División	20,00 €

Cota de Xogadores (Inclúe Seguro Deportivo)	Maior de 14 anos	15,00 €
	Menor ou Igual de 14 anos	5,00 €
	Independente	50,00 €

Cota de Árbitros/Xuíces	Árbitro Internacional	84,00 €
	Árbitro FIDE	84,00 €
	Árbitro Nacional	84,00 €
	Árbitro Autonómico	40,00 €
	Árbitro Autonómico de Base	15,00 €

Cota de Monitores/Adestradores	FT, FI, NI	50,00 €
	Adestrador FEDA	50,00 €
	Monitor Superior FEDA	50,00 €
	Monitor de Base FEDA	50,00 €
	Adestrador Xadrez, Nivel I	50,00 €
	Monitor Autonómico	15,00 €
	Monitor Autonómico de Base	15,00 €

ANEXO II

MODELO DE FORMATO DE LICENZAS



FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ DEPORTE GALEGO
FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE AJEDREZ
Licenza de Deportista Tempada 2025
Licenza de Deportista Temporada 2025
Lic.: 0000 00/00/0000 00000000-A
ABCDEFGHIJ KLMNOP, QRSTUV
WXYZABCDEFGHI
C. FEDA: € C. FEGAXA: € C. SEGURO: €
Licencia homologada por la FEDA - Licencia homologada pola FEDA



www.fegaxa.org www.feda.org www.fide.com
De acordo con a Lei orgánica 15/1999, tiño dereito a acceder, rectificar ou cancelar os datos referentes á súa persoa incluídos en nosas bases de datos na FEGAXA.
De acordo coa Lei orgánica 15/1999, vostede ten dereito a acceder, rectificar ou cancelar os datos referentes á súa persoa incluídos nas nosas bases de datos na FEGAXA.
Seguro deportivo: _____
Nº de Póliza: _____
Agencia/Axencia: _____
Teléf.: _____
8119